



### A N U N C I O

No Boletín Oficial da Provincia de data 30 de abril de 2012 publicouse anuncio polo que se sometía ao trámite de información pública polo prazo de trinta días aos efectos de que se formulasen reclamacións e/ou suxerencias á modificación do Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Redondela. Tendo en conta que non se formularon nin reclamacións nin suxerencias elévase a definitivo o seu texto íntegro que se transcribe a continuación.

### REGULAMENTO MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É obxecto do presente regulamento atender as necesidades que xorden no sector da venda ambulante dentro do termo municipal de Redondela. Esta actividade conta cunha gran tradición no Concello de Redondela e compre que a súa regulación a nivel local estea en concordancia coas normas estatais e autonómicas en vigor.

Tendo en conta que o Regulamento municipal de venda ambulante foi publicado no BOP núm. 50 do 14 de marzo de 2005 e as súas modificacións publicadas no núm. 9 do 12 de xaneiro de 2007, e que a Lei 13/2010, do Comercio interior de Galicia foi publicada no DOGA do 29 de decembro de 2010 é necesario a súa adecuación á nova normativa.

Este novo Regulamento créase tamén para solventar as novas necesidades xurdidas do exercicio da propria actividade e para garantir os dereitos das/os comerciantes e das/os consumidores e usuarias/os.

Así este Regulamento estrutúrase do seguinte xeito:

- Capítulo I. Disposiciones Xerais
  - Artigo 1 Regulación
  - Artigo 2 Exercicio da venda
- Capítulo II. Competencias
  - Artigo 3 Órganos competentes
  - Artigo 4 Persoal do Concello
- Capítulo III. Réxime e policía da venda
  - Artigo 5 Localización e periodicidade
  - Artigo 6 Prohibicións
  - Artigo 7 Requisitos dos postos
  - Artigo 8 Horario
- Capítulo IV. Requisitos para o exercicio da actividade
  - Artigo 9 Autorización
  - Artigo 10 Número de autorizacións
  - Artigo 11 Requisitos e procedemento para a concesión da autorización
  - Artigo 12 Vixencia e transmisibilidade das autorizacións
  - Artigo 13 Renuncia voluntaria
  - Artigo 14 Obrigas das/os titulares de autorizacións
  - Artigo 15 Extincións das autorizacións
- Capítulo V. Réxime sancionador
  - Artigo 16 Infraccións
  - Artigo 17 Sancións
  - Artigo 18 Imposición de sancións
  - Artigo 19 Réxime de aplicación
- Disposición Transitoria
- Disposición Final

## CAPÍTULO I. DISPOSICIONES XERAIS

### ARTIGO 1.-REGULACIÓN

1.-O presente Regulamento ten por obxecto a regulación do exercicio da venda ambulante no termo municipal de Redondela.

2.-Considérase venda ambulante ou non sedentaria a exercida por comerciantes fóra de establecemento comercial permanentemente, de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, na vía pública, perímetros e lugares debidamente autorizados, mediante instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camións – tenda.

Queda por tanto prohibida, no termo municipal de Redondela, a venda ambulante que non se axuste ao recollido no presente Regulamento.

3.-Modalidades de venda. En todos os casos, a venda ambulante efectuarase a través dalgunha das seguintes modalidades:

a) Venda ambulante en mercados periódicos: son aqueles situados en espazos determinados e cunha periodicidade habitual establecida polo Concello.

b) Venda ambulante en enclaves illados da vía pública, en postos de carácter ocasional autorizados unicamente durante a temporaña propia do produto autorizado.  
Neste tipo de venda son necesarios os mesmos requisitos que os sinalados no artigo 11 (ágas o establecido no punto 1) e de procedemento de outorgamamento das autorizacións sinalados no artigo 12 deste Regulamento.

c) Venda ambulante en mercados ocasionais: son aqueles que se celebran de maneira non periódica en razón a festas, actos populares, motivos solidarios ou tradicións.

As feiras ou mercados de artesanía quedan exceptuados deste Regulamento por contaren con regulación propia.

4.-Suxetos da venda. A venda ambulante poderá ser exercida por toda persoa física ou xurídica legalmente constituída que se dedique profesionalmente á actividade do comercio polo miúdo e reúna os requisitos establecidos no presente Regulamento e demais normativa que sexa de aplicación.

5.-A venda ambulante rexerase, ademais do disposto no presente Regulamento, polo establecido no Decreto da Consellería de Industria e Comercio 171/2002, do 25 de abril, de Ordenación da venda ambulante, na Lei 13/2010, de 17 de decembro, do Comercio interior de Galicia, e polas normas sectoriais reguladoras da venda e comercialización de cada produto en concreto, en especial os regulamentos técnico-sanitarios aplicables á produción e comercialización de cada produto.

### ARTIGO 2.-EXERCICIO DA VENDA

1.-Para o exercicio da venda ambulante será indispensable disponer da autorización municipal para a instalación e utilización dos postos, coa finalidade que se lle asigne e cos límites e contidos que se fixen na devandita autorización e neste Regulamento.

2.-O exercicio da venda ambulante na vía pública sen a autorización municipal dará lugar, despois das comprobacións que procedan, á retirada do posto e ao depósito dos produtos nas dependencias da Policía Municipal, podendo retirarse logo do aboamento dos correspondentes gastos de traslado e custodia.

## CAPÍTULO II. COMPETENCIAS

### ARTIGO 3.-ÓRGANOS COMPETENTES

Son órganos competentes: O Pleno da Corporación e a Alcaldía ou Concellería Delegada.

Corresponderá ao Pleno:

a) A modificación ou derogación deste Regulamento e a súa interpretación, co cumprimento dos requisitos e trámites legais establecidos



- b) Fixar o lugar ou lugares destinados ao mercado ambulante, así como a redución ou ampliación do número de postos de venda, así como a súa total supresión, sen que dea lugar a ningunha indemnización

Corresponderá á/ao Alcadesa/Alcalde:

- a) A inspección do cumprimento das autorizacións
- b) A execución do previsto neste regulamento e nos acordos do Pleno
- c) O outorgamento das autorizacións municipais para a utilización dos postos
- d) A alteración dos lugares de venda de forma provisional por razóns de interese público
- e) A autorización da venda ambulante no que se refire aos mercados recollidos no artigo 1, apartado 3.c, previos informes da Xefatura da Policía Local e da Concellería da área. Excepto no referido as feiras de artesanía por contar con regulación propia
- f) Todas aquelas atribucións que non figuren asignadas ao Pleno

### ARTIGO 4.–PERSONAL DO CONCELLO

As Feiras de Redondela contarán con persoal do Concello, cuxa función consistirá en salvagardar o bo funcionamento das Feiras e comunicar á Policía Local calquera irregularidade que se produza.

A Policía Local colaborará e realizará aquellas misións na forma que se dispona en cada intre pola Alcaldía ou Concellería Delegada.

A autoridade municipal poderá adoptar as medidas necesarias para garantir o cumprimento das prescripcións do presente regulamento, incluíndo a desmontaxe do posto indebidamente instalado ou a retirada temporal das mercadorías nos termos e condicións sinaladas na Ordenanza reguladora da taxa pola prestación dos servizos de retirada, transporte e custodia de instalacións e xéneros relativos a calquera actividade ou comercio na vía pública sen licenza municipal.

### CAPÍTULO III. RÉXIME E POLICIA DA VENDA

#### ARTIGO 5.–LOCALIZACIÓN E PERIODICIDADE

- a) O Concello establece dúas feiras localizadas e coa periodicidade que de seguido se refire:
  - Feira de Redondela que se celebrará todos os días 6 e 21 de cada mes no Campo da Feira en Redondela delimitado polo aparcamiento fronte ao Mercado de Abastos "na outra beira do río" e o estacionamento da Avda. Mendoño, marxe esquerda sentido á praia de Cesantes.
  - Feira de Chapela que se celebrará todos os días 2 e 16 de cada mes na pista polideportiva que se atopa na rúa José Fernández López.
- b) Fóra do recinto destinado á venda ambulante non se permitirá o exercicio da actividade, agás naqueles supostos que, de forma temporal e provisional, acorde conceder a Alcaldía ou a Concellería Delegada, que o fará en cada caso de forma discrecional.
- c) Nas Feiras de Chapela e Redondela o Concello poderá reservar o 5% das autorizacións coa finalidade de poder atender necesidades de interese público ou sociais ou empresas localizadas no municipio que non pertencendo ao sector comercial pretendan comercializar os artigos producidos ou fabricados por eles, en todo caso deberán manter as mesmas condicións có resto das persoas vendedoras ou comerciantes.
- d) Consideráranse artigos ou produtos de tempada a venda de: vides, frutais, melóns, sandías, castañas, flores (festividáde de Todos os Santos) e palmas. A localización, xestión, funcionamento e o prazo de autorización para acceder a instalación de postos para a venda destes produtos serán aprobados pola Xunta de Goberno Local, previo informe de Alcaldía ou Concellería Delegada, respectando en todo caso, o contido do presente regulamento.

## ARTIGO 6.– PROHIBICIONES

1.– Queda prohibida a venda de produtos alimenticios en xeral, a excepción dos propios do campo da zona ou comarca, sempre e cando se cumpra coa normativa específica aplicable, e sen perxuio de que, de xurdir circunstancias de interese público que así o determinen, decida esta Administración a súa revogación, sen dereito a indemnización ningunha.

Asemade, en supostos excepcionais poderase autorizar a venda dos produtos a que se refire este artigo cando se disponía de instalacións frigoríficas, os produtos estean debidamente envasados ou naqueloutras condicóns para as que exista informe favorable do servizo veterinario.

Poderase autorizar a venda ambulante de produtos da pesca no caso de que na parroquia que se queira abastecer non exista establecemento de venda autorizado. En todo caso as persoas que exerzan esta actividade deberán obter a correspondente autorización municipal e cumplir os requisitos establecidos no artigo 11 do presente Regulamento.

2.– Ademais, para este tipo de venda, será indispensable posuír o carné de manipulador de alimentos en vigor.

## ARTIGO 7.– REQUISITOS DOS POSTOS

A venda realizarase en postos ou instalacións desmontables, ou en vehículos – tenda, que ofrezan as condicóns de seguridade e hixiene esixidas pola normativa específica vixente. Os produtos non se poderán situar en accesos a lugares comerciais ou nos seus esaparates, nin en edificios de uso público, quedando prohibida a exposición de mercadorías no chan, excepto mobles, maquinaria agrícola, prantas ou calquera outro elemento que pola súa natureza poida ser autorizada pola Alcaldía ou Concellería Delegada.

## ARTIGO 8.– HORARIO

1.– A venda ambulante nos mercados periódicos, só poderá exercerse nos días e lugares establecidos no artigo 5.a deste Regulamento.

2.– O horario de montaxe e desmontaxe comprenderá dende as 8.00 ata as 14.00 horas.

A montaxe dos postos deberá efectuarse entre as 8.00 e as 9.00 horas, quedando prohibida a entrada de calquera vehículo no recinto da feira a partir desta hora, agás días de temporal ou forza maior. Unha vez realizada a descarga de mercadorías ningún vehículo poderá permanecer no interior do recinto. Poderán entrar a partir das 13.30 horas para comenzar a desmontaxe.

O establecido neste apartado poderá verse alterado dependendo das necesidades xurdidas, quedando regulado polo persoal do Concello encargado da Feira, que deberá comunicar e xustificar á Alcaldía calquera incidencia na alteración do horario de montaxe e desmontaxe.

## CAPÍTULO IV. REQUISITOS PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE

### ARTIGO 9.– AUTORIZACIÓN

1.– Para o exercicio da venda ambulante será requisito previo estar provisto da correspondente autorización municipal, que poderá ser revogada polo Concello por incumprimento dos requisitos esixidos na ordenanza reguladora e nas normativas aplicables ao respecto.

### ARTIGO 10.– NÚMERO DE AUTORIZACIONES

Concederanse tantas autorizacóns como postos haxa na superficie destinada ao exercicio da venda ambulante, e o número de autorizacóns quedará supeditado ao número de metros disponibles en tales espazos.



### ARTIGO 11.—REQUISITOS E PROCEDIMENTO PARA A CONCESIÓN DA AUTORIZACIÓN

1.—As autorizacións para o exercicio da venda ambulante serán outorgadas pola Alcaldía ás persoas ou empresas que reúnan, como mínimo, os seguintes requisitos:

- a) Posuir a condición de comerciante segundo a lexislación mercantil.
  - b) Estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente á venda ambulante e atoparse ao corrente no pagamento das cotas correspondentes.
  - c) Estar dado de alta na Seguridade Social e ao corrente no pagamento das cotas correspondentes.
  - d) Estar ao corrente no pagamento dos tributos de carácter municipal estipulados, ou que se estipulen, para o exercicio deste tipo de actividade, nas ordenanzas fiscais correspondentes.
  - e) No caso de que o titular, persoa física, proceda de países non comunitarios, deberá estar en posesión dos correspondentes permisos de residencia e de traballo; ou procedendo de países comunitarios, da tarxeta de residencia.
  - f) No caso das cooperativas, poderán solicitar tantos postos como cooperativistas queirán exercer a actividade.
  - g) Disponer dun Seguro de Responsabilidade Civil.
  - h) As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude da autorización en representación da empresa.
- 2.—As solicitudes presentaranse no modelo normalizado aprobado polo Concello, no que constarán os seguintes datos:
- a) Nome, apelidos, endereço para os efectos de notificación (cando non coincida co habitual), número do documento nacional de identidade e letra de identificación fiscal (N.I.F), ou do pasaporte en vigor, no seu caso. Os mesmos datos faranxe constar cando a solicitude sexa formulada por representante autorizado.
  - b) Nome, apelidos, DNI e parentesco da persoa que, no seu caso, actuaria como suplente nos casos permitidos no presente Regulamento.
  - c) Emprazamento no que se pretende exercer a actividade.
  - d) Mercadorías ou artigos que serán obxecto da venda.
  - e) Dimensións do espazo de ocupación que pretende, indicando tamén, se a venda se realizará en posto desmontable ou dende vehículo ou furgón.
  - f) No caso de que a autorización sexa solicitada por persoa xurídica, esta fará constar na solicitude a persoa física que vai exercitar a actividade, sinalando os datos establecidos no apartado a).
  - g) Declaración responsable na que figurará como mínimo o seguinte:
    - Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ao corrente no pagamento da tarifa, ou no caso de estar exento, estar dado de alta no censo de persoas con obrigas tributarias.
    - Estar ao corrente no pagamento das cotizacions á Seguridade Social.

As persoas solicitantes procedentes de terceiros países deberán acreditar o cumprimento das obrigas establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo.

Reunir as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos obxecto da venda ambulante ou non sedentaria.

3.—Despois de recibir as solicitudes e unha vez avaliadas, a Alcaldía adxudicará os postos tendo en conta os seguintes criterios:

- a) Adxudicárselle un posto por persoa tanto física como xurídica. No caso das cooperativas poderase adxudicar un posto por cada cooperativista.

b) Cando as solicitudes superen o número de postos realizarase un sorteо, atendendo ás necesidades do ramo da actividade.

Tras a adjudicación dos postos a Alcaldía requerirá ás/aos interesadas/os para que no prazo de quince días presenten a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI e da tarxeta do NIF. No caso de que o solicitante sexa estranxeiro deberá acompañar fotocopia do pasaporte e do permiso de residencia e de traballo, ou da tarxeta de residencia, en vigor, segundo sexa non comunitario ou comunitario.
  - b) Alta no epígrafe do Imposto de Actividades Económicas e certificado de atoparse ao corrente no pagamento da correspondente cota ou cotas.
  - c) Xustificante do pagamento da taxa municipal e relativa ao período correspondente.
  - d) Copia da póliza e xustificante do pagamento do seguro de responsabilidade civil contratado para responder dos posibles danos derivados do exercicio da actividade.
  - e) Se a autorización afecta á venda de produtos alimenticios deberase acompañar fotocopia do carné de manipulador de alimentos en vigor.
  - f) Certificado acreditativo do correcto funcionamento da maquinaria e instalacións que pretenda utilizar, así como do seguro de responsabilidade civil que garante a cobertura de calquera clase de risco.
  - g) Unha fotografía do solicitante tamén carné.
  - h) No caso de persoas xurídicas presentaranse os TC2 nos que deberán figurar as persoas que exerzan a actividade.
- i) No caso de cooperativas deberán comunicar a relación das/os cooperativistas que exercerán a actividade, con indicación do posto outorgado, que deberán reunir os requisitos legalmente establecidos para o exercicio da venda ambulante.
- A presentación da tarxeta en vigor de vendedor ambulante expedida polo Registo Galego de comercio, eximirá da presentación da seguinte documentación:
- DNI ou pasaporte, se o interesado é persoa física; CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada en favor da persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa, se é persoa xurídica.
  - Xustificante de estar de alta na Seguridade Social.
  - Xustificante de estar de alta no imposto de actividade económicas.
- De non presentarse toda a documentación sinalada no prazo indicado, o solicitante disporá dunha prórroga por igual período para emendar os defectos, considerándoo desistido da súa petición no caso de non levalo a cabo.
- Unha vez presentada a documentación a Alcaldía dictará resolución adjudicando os postos a cada solicitante, e dará traslado aos servizos económicos para efectuar as liquidacións das taxas da ocupación da vía pública do período de tempo correspondente, así como a realización do correspondente padrón fiscal.
- A taxa liquidarase con carácter de depósito previo á ocupación, e deberá ingresarase nas contas bancarias do Concello.

### ARTIGO 12.— VIXENCIA E TRANSMISIBILIDADE DAS AUTORIZACIONES

1. — As autorizaciones terán unha vixencia dun ano natural, prorrogable por períodos de igual duración, sendo o prazo para a presentación da documentación correspondente para a renovación dende o 1 de decembro ata o 30 de decembro de cada ano.

As autorizaciones poderán ser revogadas unilateralmente polo Concello en calquera momento por razones de interese público, sen xerar dereito a indemnización ningunha, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.



2.—As autorizacions serán transferibles sen que por razón da transmisión caiba a percepción de ningún tipo de emolumento a outras persoas tanto físicas como xurídicas, sexan sociedades mercantis ou cooperativas, logo da comunicación ao Concello e sempre que reúnan os requisitos establecidos no artigo 11 do presente Regulamento para a súa concesión. As transmisiones estarán suxeitas ao pagamento da taxa fixada na correspondente ordenanza fiscal.

3.—Nos casos de vacacións, enfermidade da persoa titular suficientemente acreditada, ou causa debidamente xustificada a petición desta, a Administración, logo de avaliar a circunstancia, poderá autorizar o exercicio da venda por unha supleante que deberá reunir os mesmos requisitos que a titular.

Os casos de ausencia do posto deberán ser comunicados ao Concello. No caso de non se designar suplente o Concello poderá facer uso do espazo para conceder permisos provisionais. En todo caso a titular deberá aboar a taxa correspondente e manter a súa situación de alta na Licenza Fiscal.

4.—A Administración valorará, en determinados supostos debidamente comprobados, a conveniencia de outorgar unha autorización provisional para exercer a venda ambulante por tempo inferior ao ano natural, ata un tempo máximo de tres meses, prorrogable unha soa vez por outro período máximoo igual que se sinalará na autorización, cando concorran circunstancias e cargas familiares especialmente gravosas para a/o solicitante.

5.—Non se poderán realizar transmisión de postos que teñan débedas por non pagar a taxa correspondente.

6.—No caso de transmisión de postos adxudicados a cooperativas, a solicitude de transmisión deberá ser presentada polo cooperativista ao que se lle outorgara o posto.

#### ARTIGO 13.—RENUNCIA VOLUNTARIA

Entenderase que a persoa titular renuncia voluntariamente á súa autorización de venda ambulante cando se dea polo menos un dos seguintes supostos:

- Non atender ao pagamento da taxa por ocupación de vía pública nos prazos establecidos legalmente.
- Non solicitar a prórroga anual da autorización nin achegar a documentación necesaria para a súa tramitación de acordo co establecido no artigo 12.1 deste Regulamento.
- A non ocupación do posto asignado durante un período de dous meses sen causa que o xustifique.

Neste caso o Concello disporá do posto e realizará unha nova adxudicación. Non se poderá realizar unha nova adxudicación no prazo de dous anos a todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que perderan a súa autorización por falta de pagamento das correspondentes taxas.

#### ARTIGO 14.—OBRIGAS DAS/OS TITULARES DE AUTORIZACIÓN

As/os titulares de autorizacions para a venda ambulante, ademais de cumplir cos requisitos establecidos no artigo 11.1 deste Regulamento, deberán cumplir coas seguintes obrigas:

- Exercer a actividade ou vender exclusivamente os produtos ou xéneros para os que foron autorizados.
- Observar as normas sanitarias que establezan as disposicións vixentes así como as referentes ás pesas, medidas e as de disciplina de mercado ou comercialización.
- Mantar as instalacións, postos e demás elementos de venda nas debidas condicións de seguridade, hixiene, conservación e limpeza.
- Ao remate da xornada comercial deberán recoller todos os desperdicios e embalaxes debidamente atados e depositalos nos contenedores para facilitar a ulterior tarefa de recollida de lixo.

Igualmente deberán reparar os danos ocasionados na vía pública e instalacións como consecuencia do desenvolvemento da actividade para a que disponen de autorización.

**X**e) Ter expostos os seus datos de identificación e enderezo de modo que resulten facilmente visibles para o público. Así como exhibir, cando así lle sexa indicado polo persoal do Concello encargado da Feira ou pola Policía Local, a autorización municipal de venda ambulante e o documento acreditativo do pagamento das taxas vixentes, xunto co documento nacional de identidade, permiso de residencia ou pasaporte, dependendo da situación persoal.

- f) Exhibir, cando así lle sexa indicado polo persoal do Concello encargado da Feira ou pola Policía Local, os xustificantes do cumprimento das condicións para o mantemento da autorización.
- g) No caso de venda ambulante mediante camións ou vehículos – tenda, ou de postos desmontables cubertos, a identificación e enderezo do comerciante deberá figurar tamén nas portas ou bandas laterais daqueles, e coas dimensións e caracteres necesarios para que resulten perfectamente visibles para o público.

- h) Efectuar o pagamento da taxa de acordo coa Ordenanza vixente en cada momento.
- Unha vez confeccionado o Padrón fiscal liquidarase de acordo ao establecido na súa Ordenanza reguladora.

O incumprimento destas obrigas dará lugar, no seu caso á incoación do correspondente expediente sancionador sen prexuízo de que se proceda á desmontaxe do posto, a retirada temporal das mercadorías e ao seu depósito nos términos e condicións sinaladas na Ordenanza reguladora da taxa pola prestación dos servizos de retirada, transporte e custodia de instalacións e xéneros relativos a calquera actividade ou comercio na vía pública sen licenza municipal.

## ARTIGO 15.—EXTINCIÓN DAS AUTORIZACIONES

As autorizacions extinguíranse pola expiración do seu prazo, polas causas de revocación sinaladas no artigo 9 ou polos supostos de renuncia voluntaria indicados no artigo 13 do presente Regulamento.

## CAPÍTULO V. RÉXIME SANCIONADOR

### ARTIGO 16.—INFRACCIONES

Constitúen infracciones as condutas tipificadas no presente artigo. O incumprimento das normas establecidas no presente Regulamento, así como as determinadas na normativa reguladora da defensa das persoas consumidoras e usuarias e demais normativa de aplicación, dará lugar á incoación do correspondente procedemento sancionador. As faltas clasifícanse en leves, graves e moi graves:

- a) Serán faltas leves:
- A falta de ornato ou limpeza das instalacións e na zona do posto.
  - Non deixar limpo ou recollido o lugar onde estivo instalado o posto.
  - Calquera outra infracción da presente ordenanza que non estea considerada como falta grave ou moi grave.
  - Non mostrar, cando así lle sexa requerido, a autorización municipal aos vixilantes ou axentes controladores da Feira.
- b) Serán faltas graves:
- A reiteración por tres veces de faltas leves no período dun ano.
  - Ofensas de palabra ou de obra ás persoas que leven a cabo as tarefas de inspección ou control.
  - A ocupación dunha superficie superior á asignada.
  - Discusión ou altercado con outros vendedores ou consumidores, con perturbación da orde ciadádá.
- c) Serán faltas moi graves:
- A reiteración por tres veces de faltas graves no período dun ano.
  - A venda de produtos non autorizados pola licenza.



- A venda de produtos en mal estado que poidan causar dano á saúde.
- O exercicio da actividade por persona diferente da autorizada ou do seu suplente.
- Venda de produtos non autorizados.
- A ocupación dun posto distinto ao asignado.
- A desobedience a atender as normas de orde e indicacións do persoal encargado da Feira ou da Policia Local.

### ARTIGO 17.—SANCIONES

- 1.— As sancións aplicables serán as seguintes:

- Faltas leves: multas de 30 a 750 euros.
- Faltas graves: multas de 751 a 1500 euros.
- Faltas moi graves:
  - a) Multas de 1501 a 3000 euros
  - b) Suspensión temporal da autorización ou revogación da licenza

2.— A Policia Local, na súa calidade de Axentes da Autoridade, procederán á intervención provisional das mercadorías e como medida cautelar, no caso do exercicio de venda ambulante en calquera das súas modalidades de artigos non autorizados ou cuxa comercialización estea prohibida, así como cando a venda se produza fora dos lugares e emprazamentos expresamente sinalados nas autorizacóns ou no suposto de carecer delas.

Cualificación das mercadorías a efectos de comiso:

- Perecedoiras: Permanecerán en depósito ata un máximo de 48 horas.
  - Non perecedoiras: Permanecerán en depósito ata un máximo dun mes.
- 3.— O dispusto nos dous apartados anteriores enténdese sen prexuízo da esixencia das posibles responsabilidades nas que se puidera incorrer e da obriga de abonar os gastos que xenera a intervención e depósito das mercadorías, na forma e contia que determine a correspondente ordenanza fiscal.
- A provisionalidade das medidas cautelares previstas entenderanse ata que se produza a resolución do procedemento sancionador correspondente ao informe técnico da autoridade sanitaria ou veterinaria competente.
- 4.— Como sanción accesoria á comisión de infraccións moi graves poderase acordar o comiso das mercadorías na resolución do expediente sancionador correspondente.
- 5.— Así mesmo do indicado neste artigo deberase estar ao dispuesto no artigo 105 da Lei de Comercio Interior de Galicia en materia de sancions.

### ARTIGO 18.—IMPOSICIÓN DE SANCIONES

Correspóndeelle a Alcaldía a imposición de multas e demais sancións.

### ARTIGO 19.—RÉXIME DE APLICACIÓN

Para a determinación das infraccións e a imposición das sancións previstas neste Regulamento será de aplicación o procedemento administrativo sancionador regulado polo Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora con carácter xeral; a Lei 30/1992 de 26 de novembro, reguladora do Régime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais normas concordantes.

### DISPOSICIÓN TRANSITORIA

*Primeira:* Se en calquera entre o Concello decidira o traslado a un novo emprazamento do mercado ambulante, as/os titulares dos postos non terán dereito a esixir indemnización ningunha polo cambio



da situación do referido mercado. No devandito caso, o Concello, logo do sorteio entre as titulares, adxudicará os postos do novo emprazamento.

**Segunda:** Serán repectados os dereitos nacidos ao abeiro da autorización en vigor, sen prexuízo de proceder á súa adaptación ao presente Regulamento cando se efectúen as renovacións anuais das autorizaciós municipais.

**Terceira:** Fixase un prazo transitorio de tres meses para a concesión das autorizaciós recollidas no artigo 11 desta norma. A presente modificación entrará en vigor aos quince días hábiles da publicación do texto definitivo no BOE, segundo os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.

#### DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento será interpretado polo Concello á vista do disposto nas súas disposicións, e nas que figuran na Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación da vía pública con postos, barracas, e casetas de venda, e demais normas vixentes en materia de regulación da venda ambulante.

Redondela, a 13 de xuño de 2012.—O Alcalde, Javier Bas Corugeira.

2012006267

\* \* \*

## VILAGARCÍA DE AROUSA

### A)ANUNCIO DE EXPOSICIÓN DO PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMÓBILES DE NATUREZA URBANA

Aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 11 de xuño de 2012 o Padrón Fiscal do Imposto Sobre Bens Imóbiles de Natureza Urbana, para o actual exercicio, expõe ó público na Oficina de Rendas e no taboleiro de edictos deste Concello, para efectuar a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A exposición pública farase por un prazo de 20 días hábiles, que empezarán a contar dende o día seguinte ó da inserción deste edicto no Boletín Oficial da Provincia. Durante o mesmo os interesados poderán interpor os seguintes recursos:

- 1.—Reposición, perante a Alcaldía deste Concello, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexixitado se ó transcorrer un mes dende a súa presentación non se resuelve de maneira expresa.
- 2.—Contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de 6 meses dende a súa interposición, se non o fose.
- 3.—Podrá interporse calquera outro recurso que ós interesados lles conveña.

Vilagarcía de Arousa, a 12 de xuño de 2012.— O Alcalde-Presidente, Tomás Fole Díaz. 2012006063

### B)ANUNCIO DE COBRANZA

Ós efectos da regulamentaria notificación colectiva, e de conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, pone en coñecemento de todos los contribuyentes afectados que o prazo de cobranza do Imposto Sobre Bens Imóbiles de Natureza Urbana, correspondente ó ano 2012, será o seguinte:

- a) Período de cobro: Dende o día 2 de xullo de 2012 ó 3 de setembro de 2012, ambos inclusive. Para aqueles recibos que estén domiciliados, o cargo en conta farase o día 6 de agosto de 2012.